

indicadores socioeconómicos



Este capítulo está dedicado tanto á caracterización e análise da realidade socioeconómica dos 85 municipios unidos pola súa relación co mar, como á análise da realidade da poboación costeira para a que, dun ou doutro xeito, a explotación dos recursos do marisqueo a pé constitúe, en moitos casos, un medio fundamental de vida. Para a realización do mesmo agrúpanse os municipios, seguindo o estudo de Feuga “*Ordenación Integral del Espacio Marítimo-Terrestre de Galicia*”, en cinco grandes zonas atendendo á influencia dos principais núcleos de localización da actividade económica: rías de Vigo e Pontevedra, rías de Arousa e Noia, a Costa da Morte, A Coruña-Ferrol, e finalmente, a Costa Norte.

Como aspecto introductorio á análise dos indicadores económicos correspondentes ós distintos municipios que forman as 5 áreas de produción, faise referencia á

superficie e á evolución da poboación. O **cadro 5.2.** reflicte estes datos agregados por zonas de produción e amosa que o litoral galego abrangue o 17,4% do total da superficie galega e o 55,7% da poboación galega total.

Posteriormente realízase unha aproximación á realidade socioeconómica das mencionadas zonas de produción a partir da información proporcionada polo *Anuario Comercial de España 2000* de La Caixa. Os datos aquí recollidos poden ser divididos en dous tipos: primeiramente (**cadro 5.3.**) atópanse unha serie de indicadores económicos que tentan recoller diversos aspectos no eido industrial, comercial, turístico e fiscal, para posteriormente (**cadro 5.4.**) facilitar datos referidos a diferentes variables con incidencia na actividade económica como son o número de teléfonos, vehículos de motor, oficinas bancarias e maila relación dos diferentes tipos de actividades económicas.

cadro 5.1.

Dominio costeiro galego

Comarcas	Municipios
Zona 1	
Rías Vigo-Pontevedra	
Baixo Miño	A Guarda, O Rosal e Oia
Vigo	Baiona, Gondomar, Mos, Nigrán, Redondela, Soutomaior, Porriño e Vigo
Morrazo	Bueu, Cangas, Marín e Moaña
Pontevedra	Poio, Pontevedra e Vilaboa
Zona 2	
Rías Arousa-Noia	
Salnés	Cambados, Meaño, O Grove, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía e Vilanova (1)
Caldas de Reis	Caldas, Catoira, Pontecesures e Valga
Barbanza	Boiro, Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira, Dodro (2) e Padrón (2)
Noia	Lousame, Noia, Outes e Porto do Son.
Muros	Carnota e Muros
Zona 3	
Costa da Morte	
Fisterra	Cee, Corcubión, Dumbria, Fisterra e Muxía
Soneira	Camariñas e Vimianzo
Bergantiños	Cabana, Carballo, Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso
Zona 4	
A Coruña-Ferrol	
A Coruña	A Coruña, Arteixo, Bergondo, Culleredo, Oleiros e Sada
Betanzos	Miño
Eume	Cabanas e Pontedeume
Ferrol	Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño e Valdoviño
Zona 5	
Costa Norte	
Ortega	Cariño, Mañón e Ortigueira
Mariña Occidental	Cervo (3), O Vicedo, Viveiro e Xove
Mariña Central	Foz
Mariña Oriental	Barreiros e Ribadeo

(1) recentemente segregado nun novo concello: A Illa de Arousa

(2) pertencen a comarca de Santiago

(3) novo concello de Burela

Fonte: Feuga, Informe Ordenación integral del espacio marítimo-terrestre de Galicia

cadro 5.2.

Zonas

	Superficie	Poboación a 05-96	1- Poboación a 01-99	1- Densidade 1996	Densidade 1999
	(en km ²)				
Total Zona 1	920	578.050	576.655	628,3	626,8
Total Zona 2	1.158	256.692	249.870	221,7	215,8
Total Zona 3	1.178	105.863	104.279	89,9	88,5
Total Zona 4	907	515.457	518.696	568,3	571,9
Total Zona 5	975	72.638	72.157	74,5	74,0
Total zonas	5.138	1.528.700	1.521.657	297,5	296,2
Total Galicia	29.574	2.742.622	2.730.337	92,7	92,3

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir do Informe Ordenación integral del espacio marítimo-terrestre de Galicia

Como complemento ó primeiro tipo de datos faise tamén referencia a unha estimación da renda familiar dispoñible por habitante, que é denominada “nivel económico”. Sen embargo, a análise deste índice non pode ser feita para o conxunto das zonas de produción consideradas, posto que pola súa confección non é posible a súa agregación, e cómpre limitarse a un estudio dos concellos.

Unha terceira parte do apartado detense nas empresas de transformación dos produtos do marisqueo a pé.

A cuarta parte do capítulo está dedicada ó estudio da evolución do número de mariscadores e a súa renda media xerada. Salienta o descenso do número de mariscadores existentes en Galicia e a concentración dos mesmos nas Rías Baixas. O número de mariscadores a pé en 1999 ascendeu a 7.870 (inclúe os percebeiros), fronte ós 8.679 do ano anterior, o que representa un descenso do 9,1%. As 30 confrarías do Plan Galicia acollen a 4.435 mariscadores en 1999, o que representa en torno ó 60% dos mariscadores a pé galegos, sendo o seu descenso respecto ó ano anterior de 9,2%.

Respecto á renda media xerada polos mariscadores, segundo os datos presentados no Informe do Plan Galicia, para os anos 1996-99, a renda media por mariscador/a e ano pasou das 195.255 pesetas ás 457.379 do último ano. Por riba de tódalas confrarías salientan as confrarías de Rianxo e Vilaxoán, que presentan unha renda media superior ó millón de pesetas, e Cabo de Cruz, con 960.000 pesetas en 1999.

Posteriormente, faise referencia ás actividades formativas que afectan ós mariscadores a pé de Galicia, presentando, por unha banda, os distintos cursos de formación demandados polos mariscadores —onde

salientan os relacionados co asociacionismo (27%), as técnicas de mercado (20%) e o coñecemento das especies (9%)— e, por outra banda, amósase o total investido na materia de asistencia técnica e formación nos anos comprendidos entre 1996 e 1999. Neses catro anos o dito investimento ascendeu a 253.166.605 pesetas, o 18,6% do total investido. Un 73,1% desa cantidade (184.942.865 pesetas) provén dos fondos IFOP e o restante 26,9% (68.223.740 pesetas), de fondos propios.

A parte final do capítulo está adicada ós aspectos da seguridade social relacionados cos mariscadores a pé, que se integrarán no réxime especial do mar (REM) sempre que realicen a súa actividade *“de forma habitual, persoal e dereita (...) e sempre que a mesma constitúa o seu medio fundamental de vida”*. A efectos de cotización, que é obrigatoria, as organizacións representativas do sector poderán negociar, dentro do marco legal, a contía da súa base de cotización.

■ superficie e poboación

O **cadro 5.2.** reflicte que a **superficie total** das cinco zonas de produción consideradas é de 5.138 quilómetros cadrados, o que representa o 17,4% da superficie total galega, e a **poboación empadroadada** nos concellos do litoral galego ascende, segundo a renovación do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 1999, a 1.521.657 persoas, o 55,7% da poboación galega empadroadada nesa data. A densidade de poboación ascende a 296,2 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 92,3 habitantes por quilómetro cadrado de Galicia.

Comparado cos datos do Padrón Municipal de Habitantes de 1996, o **cadro 5.2.** e os **anexos 1, 2, 3, 4 e 5** reflicten que, a 1 de xaneiro de 1999, produciuse un descenso de

7.043 persoas no litoral galego, por mor do descenso da mesma en tódalas áreas de produción agás na zona 4, A Coruña–Ferrol, onde a poboación medrou un 0,6%, 3.239 habitantes máis.

A zona 1, rías de Vigo e Pontevedra, é a máis poboada, con 576.655 habitantes e unha densidade de 626,8 habitantes por quilómetro cadrado. Comparado cos datos do padrón de 1996, prodúcese un descenso da poboación de 1.395 habitantes, un 0,2% menos. As cidades máis importantes son Vigo e Pontevedra, con 283.670 e 74.139 habitantes, respectivamente, que acollen o 62% do total da poboación da área de produción e o 23,5% da poboación do litoral galego.

A área de A Coruña e Ferrol acolle a 518.696 habitantes segundo a revisión do Padrón a 1 de xaneiro de 1999, o que implica unha densidade de 571,9 habitantes por quilómetro cadrado. Nesta área salientan A Coruña e Ferrol como cidades máis poboadas, 243.402 e 81.991 habitantes, o que representa o 62,7% do total da poboación da área de produción e o 21,4% da poboación do litoral galego.

A poboación nas rías de Arousa e Noia ascendeu a 249.870 habitantes, 6.882 menos que en 1996, sendo a súa densidade de 215,8 habitantes por quilómetro cadrado. Vilagarcía de Arousa, con 33.909 habitantes, e Ribeira, con 26.451, son as localidades máis poboadas. Entre as dúas agrupan ó 24,2% do total da poboación da área de produción e o 3,9% da poboación do litoral galego.

As zonas 3, Costa da Morte, e 5, Costa Norte, son as menos poboadas. Na Costa da Morte viven 104.279 persoas –1.584 menos que en 1996– e na Costa Norte, 72.157 habitantes –481 habitantes menos–. As súas respectivas densidades de poboación son de 88,5

e 74,0 habitantes por quilómetro cadrado. As cidades máis poboadas nestas dúas áreas de produción son Carballo e Viveiro, que contan con 27.980 e 15.425 habitantes, respectivamente. Carballo acolle o 26,8% do total da poboación da zona 3 e Viveiro, o 21,4% da poboación da súa zona. Entre as dúas vilas supoñen o 2,9% da poboación total do litoral galego.

■ realidade socioeconómica

Para aborda-la análise da realidade socioeconómica, coménzase polos indicadores económicos recollidos no **cadro 5.3.** e nos **anexos 6, 7, 8, 9 e 10**, que tentan recoller distintos aspectos no eido industrial, comercial, turístico e fiscal. Estes cadros reflicten os maiores valores nas zonas 1 (rías de Vigo e Pontevedra) e 4 (A Coruña e Ferrol) por mor da influencia das catro principais cidades do dominio costeiro: Vigo, Pontevedra, A Coruña e Ferrol.

O primeiro indicador é a “**cota de mercado**”, que se define como o índice que reflicte a capacidade de consumo dos concellos mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. Os 85 municipios considerados presentan un valor medio de 3.595, fronte ós 6.503 rexistrados para o conxunto de Galicia (o 55,3%).

A zona 1 de produción, rías de Vigo e Pontevedra, acada o maior valor deste indicador, con 1.373, en tanto que a zona cuarta, A Coruña-Ferrol, presenta un valor de 1.231. No extremo oposto atópanse a zona da Costa Norte, con 182, e a Costa da Morte, con 234. O valor da cota de mercado para o concello de Vigo ascende a 682, seguida de A Coruña, con 606, e de Ponte-

cadro 5.3.

Principais indicadores económicos

	Cota de mercado	Índice industrial	Índice comercial	Índice turístico	Índice actividade económica	Nivel económico
Total Zona 1	1.373	1.170	1.499	681	1.311	-
Total Zona 2	575	385	421	408	382	-
Total Zona 3	234	195	169	62	157	-
Total Zona 4	1.231	1.359	1.465	613	1.418	-
Total Zona 5	182	376	139	83	196	-
Total zonas	3.595	3.485	3.693	1.847	3.464	-
Total Galicia	6.503	6.122	5.951	2.959	5.679	4

Fonte: La Caixa, Anuario Comercial

vedra e Ferrol, con 189 e 186, respectivamente.

O segundo indicador é un índice comparativo da importancia da industria, que emprega a recadación do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) e denomínase **“índice industrial”**. De xeito semellante ó anterior, este recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) da industria sobre o total nacional. Os datos reflicten que o índice industrial no litoral galego rexistra un valor de 3.485, fronte ós 6.122 da comunidade autónoma.

Os catro municipios máis importantes atendendo ó valor deste indicador son A Coruña, con 726, Vigo e Pontevedra, na zona 1, con 698 e 131, respectivamente, e Xove, na Costa Norte, con 276.

O **“índice comercial”** configúrase como un indicador comparativo da importancia do comercio en función do IAE das actividades de comercio por xunto e polo miúdo recollendo o peso relativo (en tanto por 100.000) con respecto ó conxunto de todo o Estado. O valor acadado por este índice ascende a 3.693 no conxunto das zonas de produción e a 5.951 en Galicia.

Despois de A Coruña e Vigo, onde o índice acada uns valores de 938 e 906, salientan Pontevedra e Ferrol, con 202 e 180, res-

pectivamente.

O cuarto dos índices recollidos céntrase no eido do turismo. Como nos casos anteriores, trátase dun índice comparativo da importancia turística que indica a participación en tanto por cen mil. Este **“índice turístico”** tamén parte do IAE distinguindo segundo a categoría dos establecementos, o número de habitacións e maila súa ocupación anual.

No que os catro municipios máis importantes se refire, este índice ascende a 410 no concello de A Coruña e a 380 no municipio vigués, mentres en Sanxenxo e en O Grove acada 161 e 104, respectivamente.

O **“índice de actividade económica”** xorde como un índice comparativo da actividade económica municipal, parte tamén da información do IAE e expresa a participación da actividade económica (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. Este índice está relacionado coa “cota de mercado”, é dicir, xeralmente obsérvase unha correlación entre a capacidade de compra e o Imposto sobre Actividades Económicas, aínda que ás veces danse algunhas diferencias.

O valor deste índice nas zonas 1 e 4 ascende a 2.729, o que representa o 78,8% do valor acadado no litoral galego e o 48,1% do total de Galicia. As catro cidades máis impor-

cadro 5.4.

Principais variables con incidencia na actividade económica

	Teléfonos	Vehículos de motor	Oficinas bancarias	Actividades industriais	Actividades comerciais maioristas	Actividades comerciais minoristas		Actividades de restauración e bares
						número	m ²	
Total Zona 1	220.494	306.496	498	6.830	2.945	10.896	907.804	4.247
Total Zona 2	79.293	103.082	216	3.443	802	5.473	402.292	2.099
Total Zona 3	31.231	42.481	80	1.989	310	2.123	171.605	1.031
Total Zona 4	224.917	245.826	437	6.388	2.535	10.678	1.141.764	4.610
Total Zona 5	26.770	32.012	86	1.224	309	1.893	138.483	804
Total Zonas	582.705	729.897	1.317	19.874	6.901	31.063	2.761.948	12.791
Total Galicia	1.007.689	1.330.852	2.500	39.025	11.291	54.581	4.741.545	22.849

Fonte: La Caixa, Anuario Comercial

tantes polo que se refire a este indicador son A Coruña, con 885, Vigo, con 806, Pontevedra, con 193, e Ferrol, con 148.

Polo que se refire ás variables recollidas no **cadro 5.4.**, estas amosan de partida unha clara diferenza con respecto ás da primeira táboa. Aquí non se tratan de índices ou indicadores (expresados a modo de porcentaxe) senón que son magnitudes concretas que se refiren a distintas variables como son os teléfonos, vehículos, oficinas bancarias, actividades industriais, actividades comerciais por xunto e polo miúdo e actividades de restauración e bares. Cada unha delas recolle certos aspectos do contexto económico do litoral galego que proporcionan unha idea cualitativa de cada unha das zonas de produción.

Estes datos reflicten de novo a importancia das zonas 1 e 4, dado que estas zonas acollen as cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña e Ferrol. A diferenza dos indicadores presentados anteriormente, estas catro cidades son as máis importantes en cada unha das variables recollidas. O peso relativo dos distintos elementos estudados no total das zonas de produción consideradas varía entre o 80,3% correspondente ás actividades comerciais por xunto e o 70% no caso das actividades do turismo. A importancia relativa no total galego está comprendida entre o 49,8%

do índice comercial e o 40% da cota de mercado.

O indicador “**nivel económico**” consiste nun índice da renda familiar dispoñible por habitante para o que se definen dez niveis, cada un dos cales se corresponde con diferentes tramos de renda. Pola súa confección non é factible o estudio a nivel comarcal e, por tanto, hai que se limitar a unha análise cuantitativa a nivel municipal dentro do ámbito das comarcas. Para o ámbito deste informe, e como se recolle nos **anexos 11, 12, 13, 14 e 15**, os concellos estudados atópanse dentro dos niveis 1 a 6, que se corresponden cos tramos ata 900.000 pesetas (nivel 1); de 900.000 a 1.000.000 pesetas (nivel 2); de 1.000.000 a 1.125.000 pesetas (nivel 3); de 1.125.000 a 1.250.000 pesetas (nivel 4); de 1.250.000 a 1.450.000 pesetas (nivel 5); e de 1.450.000 a 1.650.000 pesetas (nivel 6).

Na área considerada atópase un dos catro municipios galegos considerados de nivel 6, Oleiros (zona catro), e 9 dos 45 concellos englobados no nivel 5: A Coruña, Betanzos, Sada, Miño, e Ferrol, na zona catro, e Burela, Viveiro, Foz e Ribadeo, na zona cinco. Os municipios encadrados nos menores niveis de renda atópanse na provincia de Pontevedra, nas zonas 1 e 2. Catoira e Valga (zona 2) son os dous concellos corres-

pondentes ó nivel 1 (hai 5 en Galicia) e os 7 municipios pertencentes ó nivel 2 (24 no conxunto de Galicia) son O Rosal e Oia, na zona 1, e Meaño, O Grove, Ribadumia, Vilanova e Pontecesures, na zona 2.

Unha das características fundamentais

■ empresas de transformación

do sector pesqueiro en Galicia é a súa gran capacidade de arrastre, de xeito que as rendas e o emprego xerado nas industrias de transformación dos recursos da pesca e do marisqueo son de extrema importancia na economía galega. Por eso non resulta estraño que o Título IV da Lei de Pesca mariña de Galicia teña por obxecto a regulamentación das actividades das ditas empresas.

Dun xeito xeral, enténdese por empresas de transformación de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura, todas aquelas que manipulen, conserven, transformen e comercialicen produtos para o consumo humano ou animal, tendo como principal compoñente materia prima procedente dos recursos mariños vivos. Considéranse, entre elas:

1.- Os recintos e equipamentos destinados a:

- O desenvolvemento de instalacións para descabezado, eviscerado, desfolado, torado, salga, secado, afumado, así como o escabechado, a cocción e o enlatado ou outras formas de envasado e preparación dos produtos.
- O envasado a granel dos produtos e a embalaxe para a venda polo miúdo.
- Lonxas e instalacións de primeira comercialización.
- Instalacións de almacenamento, de almacenamento refrixerado e de conxelación.

2.- Os recintos e equipamentos con innovacións tecnolóxicas aplicadas a novos produtos ou ós actuais.

3.- As instalacións que melloren a calidade e hixiene das condicións de produción ou manipulación.

4.- En xeral, tódolos recintos e/ou locais cos equipos necesarios para a manipulación, transformación e comercialización, dende o inicio da súa primeira venda ata a fase do produto final.

As empresas de transformación de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura considéranse un elemento complementario indispensable da actividade primaria, tanto da que se realiza en áreas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia como fóra delas, pechando ciclos productivos que aumenten o valor engadido do produto e permitan a absorción dos excedentes laborais que se poidan producir. Por todo elo, potenciaranse aquelas que teñan como obxectivos:

a) Contribuír á mellora da situación dos sectores de produción dos produtos básicos da pesca, do marisqueo e da acuicultura e garantir, en particular, unha participación adecuada e duradeira dos produtores nas vantaxes económicas resultantes.

b) Mellorar a longo prazo as estruturas de manipulación, comercialización e transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura.

c) Mellora-las canles de comercialización e de distribución dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

d) Contribuír á mellora da hixiene, calidade, conservación e envasado dos produtos ou a unha mellor utilización dos subprodutos.

e) Fomenta-la innovación tecnolóxica,

así como a transformación e comercialización de especies novas ou infrautilizadas.

f) Contribuír a que os produtos transformados se adapten á demanda dos consumidores a prezos razoables.

g) Contribuír á estabilidade do mercado dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

h) Contribuír a asegurar unha subministración regular e adecuada de materias primas ó sector de transformación dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura ou permitirla modificación da dita subministración mediante un proceso de produción adecuado.

i) Contribuír a absorber-la man de obra excedentaria do sector.

As empresas de transformación de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura deberán estar inscritas no Rexistro Galego de Empresas Halioalimentarias. O funcionamento deste rexistro determinarase regulamentariamente.

Aquelas empresas que se establezan en zonas onde existan excedentes na poboación mariscadora e/ou pescadora e que contribúan mediante a creación de emprego alternativo a diminuí-la presión social sobre os recursos mariños vivos da zona, aliviando posibles situacións de sobrepesca, recibirán atención prioritaria, así como as empresas que empreguen basicamente produtos de orixe galega e que comercialicen estes baixo denominación de orixe e baixo estándares de calidades elevados, e as instalacións de todo tipo levadas a cabo por entidades de interese colectivo que intenten incrementalo valor engadido dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura obxecto da súa explotación.

A Administración autonómica poderá participar financeiramente en proxectos que

sexan realizados por entidades de interese colectivo, en calquera das súas formas.

Feuga, no seu informe “*Ordenación*

■ evolución do número de mariscadores e das rendas medias xeradas

integral del espacio marítimo terrestre de Galicia”, afirma, a partir das enquisas realizadas ás confrarías e asociacións do litoral galego, que o número de persoas empregadas no marisqueo en Galicia foi de 13.572 persoas, das que o 59,1%, 8.016 persoas, son mariscadores a pé, e o restante 40,9%, 5.556 persoas, traballan no marisqueo a flote.

Atendendo á súa desagregación por zonas de produción, a zona correspondente ás rías de Arousa e Noia é a que acolle ó maior número de mariscadores a pé, con 4.602 persoas, o que representa o 51% do total dos mariscadores a pé de Galicia. En termos relativos, na zona 5 (Costa Norte) as persoas dedicadas ó marisqueo a pé representan o 87,6% dos mariscadores desa zona e na zona 1 (rías de Vigo e Pontevedra) esa porcentaxe ascende ó 75,1%.

O informe Plan Galicia amosa que o **número de mariscadores a pé** nas 30 confrarías analizadas en 1999 ascendeu en Galicia a 4.435 persoas, das que case tres cuartas partes atopábanse nas Rías Baixas (zonas 1 e 2 de produción). Comparando o número de mariscadores nos anos 1996 e 1999, conséntase un descenso en tódalas zonas de produción agás na correspondente ás rías de Arousa e Noia, onde en 1999 traballaban 1.693 mariscadores, fronte ós 1.637 mariscadores de 1996.

A importancia relativa dos mariscadores da zona das rías de Vigo e Pontevedra vai

cadro 5.5.

Persoas dedicadas ó marisqueo

	Total	A Pé	A Flote	A Pe	A Flote	Plan Galicia
				(%)		
Zona 1	2.613	1.963	650	75,1	24,9	1.564
Zona 2	7.978	4.602	3.376	57,7	42,3	1.693
Zona 3	633	399	234	63,0	37,0	247
Zona 4	1.952	705	1.247	36,1	63,9	635
Zona 5	396	347	49	87,6	12,4	296
Galicia	13.572	8.016	5.556	59,1	40,9	4.435

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir dos datos do FEUGA: *Ordenación integral del espacio marítimo-terrestre de Galicia e do Informe Plan Galicia*

cadro 5.6.

Evolución do número de mariscadoras e das rendas medias xeradas

	Rendas medias				Mariscadoras			
	1996	1997	1998	1999	1996	1997	1998	1999
	(en pesetas)				(nº persoas)			
A Coruña	180.453	167.239	268.935	330.072	273	245	269	169
Aldán	48.315	41.959	91.012	199.233	32	31	27	19
Anllóns	76	100.497	6.819	-	178	135	127	79
Arcade	104.971	85.216	94.107	209.317	429	357	357	268
Baiona	39.735	50.742	68.698	146.239	203	175	160	155
Baldaio	31.519	97.854	74.146	100.204	34	32	29	14
Barallobre	174.214	372.287	477.765	274.723	118	111	106	115
Cabo de Cruz	353.108	685.380	661.107	961.161	297	266	278	261
Camarinas	269.292	354.404	436.634	460.519	134	129	148	136
Cariño	248.124	344.017	367.468	496.144	54	46	46	47
Cedeira	233.861	177.584	133.283	107.905	72	63	80	80
Celeiro	-	-	-	16.140	59	62	35	27
Corcubión	70.120	271.354	394.294	476.512	51	34	34	32
Espasante	251.542	223.123	230.752	415.947	75	67	64	57
Foz	268.524	376.216	356.429	159.582	14	13	14	14
Meaño	299.167	387.462	83.026	152.377	107	88	80	94
Moaña	144.106	125.819	129.188	178.080	480	480	480	439
Mugardos	220.659	358.626	337.558	279.539	209	171	185	163
Muros	290.330	95.089	95.606	143.700	83	180	174	149
O Barqueiro	181.395	365.392	371.058	204.491	90	81	75	67
O Grove	254.231	385.745	620.863	790.485	654	737	656	653
O Vicedo	247.756	402.113	396.553	299.839	85	75	64	63
Palmeira	-	-	259.417	538.158	-	1	26	18
Raxó	308.586	297.010	339.812	424.424	163	155	130	122
Redondela	164.773	99.816	175.262	234.845	469	430	417	398
Rianxo	109.538	328.916	936.268	1.195.596	303	299	258	234
Ribadeo	32.916	36.305	53.198	73.385	16	24	24	21
Vilaboa	133.308	72.936	20.948	156.036	234	234	205	163
Vilanova	374.035	476.139	706.556	698.652	258	234	278	311
Vilaxoán	749.158	1.818.533	1.465.593	1.236.735	42	39	60	67
Plan Galicia	195.255	265.973	357.329	457.379	5.216	4.994	4.886	4.435

Fonte: Informe Plan Galicia

dimuíndo ó longo dos anos considerados, pasando do 38,6% de 1996 ata o 35,3% de 1999. Pola contra, aumenta o peso relativo do número de mariscadores das rías de Arousa e Noia, que acada o 38,2% en 1999, fronte ó 31,3% de 1996. En conxunto, a importancia relativa dos mariscadores das Rías Baixas aumenta dende o 69,9% de 1996 ata o 73,4%

de 1999.

O número total de mariscadores a pé no ano 1999 ascendeu a 7.870 (incluíndo os percebeiros), fronte ós 8.679 persoas do ano anterior. A provincia de Pontevedra é a que acolle ó maior número de mariscadores, con 4.427 (o 56,3% to total), seguida da provincia

cadro 5.7.

Marisqueo a pé PERMEX 2000-01

Confraría	PERMEX renovados	PERMEX non renovados	Total confraría	Confraría/ Galicia
				(%)
Coruña norte	442	168	610	8,53
Ares	8	2	10	0,14
Barallobre	66	38	104	1,45
Cariño	40	5	45	0,63
Cedeira	52	21	73	1,02
Espasante	47	3	50	0,70
Ferrol	28	8	36	0,50
Mugardos	74	72	146	2,04
O Barqueiro	44	19	63	0,88
Pontedeume	83	-	83	1,16
Coruña Centro	962	37	999	13,97
Miño	79	-	79	1,10
Sada	13	1	14	0,20
A Coruña	175	21	196	2,74
Callón	23	-	23	0,32
Baldaio	13	-	13	0,18
Malpica	19	5	24	0,34
Corme	87	-	87	1,22
Anllóns	55	-	55	0,77
Camariñas	115	2	117	1,64
Muxía	73	-	73	1,02
Fisterra	66	3	69	0,96
Corcubión	27	1	28	0,39
Lira	68	4	72	1,01
Muros	119	-	119	1,66
Pindo	30	-	30	0,42
Arousa norte	1.377	19	1.396	19,52
Aguíño	6	-	6	0,08
Cabo de Cruz	245	2	247	3,45
SDA Ría de Arousa	11	7	18	0,25
Palmeira	14	-	14	0,20
Pobra	190	1	191	2,67
Porto do Son	30	-	30	0,42
Portosín	35	-	35	0,49
Rianxo	269	-	269	3,76
Noia	577	9	586	8,19
Arousa Sur	1.827	153	1.980	27,68
Illa de Arousa	699	133	832	11,63
O Grove	594	-	594	8,30
Cambados	231	15	246	3,44
Vilanova	202	4	206	2,88
Vilaxoán	66	1	67	0,94
Carril	35	-	35	0,49
Ría de Arousa	3.204	172	3.376	47,20
Ría de Pontevedra	821	21	842	11,77
Aldán	30	1	31	0,43
Lourizán	198	3	201	2,81
Pontevedra	495	13	508	7,10
Raxó	98	4	102	1,43
Ría de Vigo	1.174	14	1.188	16,61
Cangas	27	1	28	0,39
Arcade-Soto M	193	7	200	2,80
redondela	317	2	319	4,46
Baiona	129	-	129	1,80
A Guarda	49	-	49	0,69
OOPP 38 Vigo	459	4	463	6,47
Lugo	134	4	138	1,93
Vicedo	55	-	55	0,77
Celeiro	22	-	22	0,31
San Cibrao	12	-	12	0,17
Burela	1	-	1	0,01
Foz	12	1	13	0,18
Rinlo	11	1	12	0,17
Ribadeo	21	2	23	0,32
Galicia	6.737	416	7.153	100

Fonte: Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

de A Coruña, con 3.271 (o 41,6%) e de Lugo, con 172 (o 2,2%).

A **renda media das mariscadoras** pertencentes ás confrarías implicadas no Plan Galicia ascendeu en 1999 a 457.379 pesetas/mariscadora. Comparando as rendas medias dos anos 1996 a 1999, o **cadro 5.6.** reflicte un crecemento anual en torno ó 30%, cun máximo do 36,2% do ano 1997 e un valor do 28% en 1999.

Esta renda non se distribúe de forma uniforme ó longo de todo o litoral. As rendas máis altas concéntranse nas Rías Baixas, principalmente na ría de Arousa, en correspondencia coas maiores cifras de produción marisqueira e productividade biolóxica. Tal e como reflicte o **cadro 5.6.**, catro das seis confrarías que sempre presentan unha renda media superior á media das confrarías do Plan Galicia atópanse na ría de Arousa: Cabo de Cruz, Vilaxoán, Vilanova e O Grove. As outras dúas confrarías son a de Camariñas (zona 3) e a de Cariño (zona 5).

A importancia da ría de Arousa tamén se reflicte no feito de que das once confrarías que presentan unha renda media superior ás 400.000 pesetas por mariscadora ó ano en 1999 (supón o 44% do total de mariscadoras do Plan Galicia), seis atópanse nesta área: xunto ás catro mencionadas anteriormente, as confrarías de Palmeira e Rianxo.

Doce confrarías presentaban en 1999 unha renda media por mariscadora inferior a 200.000 pesetas: Ribadeo, Foz e Celeiro, na zona 5; Cedeira, Miño e Baldaio, na zona 4; Anllóns e Muros, nas zonas 3 e 2, respectivamente; e Aldán, Moaña, Vilaboa e Baiona, na zona 1. Na comparación dos datos dos anos 1999 e 1996, catro destas confrarías presentan un descenso da súa renda media por mariscadora: Foz, Cedeira, Miño e

Muros.

En relación ós **permisos de explotación** (permex) para o marisqueo a pé, o **cadro 5.7.** reflicte que para o total de Galicia na campaña 2000-01 renováronse 6.737 permisos, o que supón que case o 95% dos permisos de explotación da campaña anterior foron renovados, quedando sen renovar, por diferentes causas, 416 permisos.

Polo número de permex concedidos destaca a Ría de Arousa, co 47,2% do total, seguida a distancia pola Ría de Vigo, que acada o 16,6% do total de Galicia na campaña xa citada 2000-01.

A formación constitúe un elemento

■ formación

importante ó facilita-lo crecemento da concorrencia e a asimilación e expansión das novas tecnoloxías. O informe “*Ordenación Integral del Espacio Marítimo-Terrestre de Galicia*” (2000), a partires dunha enquisa realizada nas confrarías e nas asociacións, afirma que o 96,2% das persoas empregadas no marisqueo (a pé e a flote) posúe estudos básicos, polo que se desprende que a súa formación é escasa. Estas persoas consideran a formación un elemento importante, aínda que sempre por detrás da experiencia.

O **cadro 5.8.** reflicte que os cursos máis demandados en Galicia (e nas diferentes zonas do dominio pesqueiro) son os relacionados coas técnicas de cultivo, que acadan unha porcentaxe do 37% no caso galego. Nas diferentes zonas do dominio pesqueiro galego a demanda de cursos relacionados coas técnicas de cultivo varían entre o 46% rexistrado na zona Norte e o 29% da zona da Costa

cadro 5.8.

Demanda de cursos de formación de marisqueo

	Galicia	Zona 1 Rías Vigo-Pontevedra	Zona 2 Rías Arousa-Noia	Zona 3 Costa da Morte	Zona 4 A Coruña-Ferrol	Zona 5 Costa Norte
				(%)		
Técnicas de cultivo	37	33	37	29	35	46
Asociacionismo	27	16	34	19	25	23
Técnicas de mercado	20	35	14	19	26	10
Coñecemento dos espazos	9	8	4	25	8	13
Economía do sector	3	1	4	8	6	1
Formación xurídica	2	4	4	-	-	-
Saúde e hixiene	1	3	2	-	-	-
Outros	1	-	1	-	-	7

Fonte: Ordenación integral del espacio marítimo-terrestre de Galicia

da Morte.

Entre os outros cursos de formación demandados, en Galicia salientan os relacionados co asociacionismo (27%), as técnicas de mercado (20%) e o coñecemento das especies (9%). Nas zonas de Vigo-Pontevedra e de A Coruña-Ferrol, o segundo curso máis demandado é o das técnicas de mercado, seguido polos do asociacionismo e o de coñecementos das especies. A zona das rías de Arousa e Noia segue a mesma estrutura que no caso de Galicia, en tanto que na Costa da Morte o segundo curso máis demandado é o de coñecemento das especies. Na zona Norte, o segundo curso máis demandado é o referente ó asociacionismo, seguido polo de coñecemento das especies e o das técnicas de mercado.

O **cadro 5.9.** reflicte o **investimento do Plan Galicia** no período 1996-1999, onde a partida de asistencia técnica e formación de mariscadores acadou as 253.166.605 pesetas, o 18,6% do total investido nese período. Un 73,1% dese investimento (184.942.865 pesetas) provén dos fondos IFOP e o restante 26,9% (68.223.740 pesetas), de fondos propios.

O cadro reflicte que entre os anos 1997 e 1996 o investimento en formación permaneceu practicamente constante, en tanto que entre os anos 1998 e 1997 e entre 1999 e 1998

o crecemento foi do 64,3% e 77,9%, respectivamente. No mesmo período de tempo, o investimento total do Plan Galicia medrou un 111,4% entre os anos 1997 e 1996, descendendo nos dous anos seguintes un 2,3% e un 8,5%, respectivamente.

Polo tanto, a importancia relativa do investimento en asistencia técnica e formación medrou entre 1997 e 1999. En 1997 este investimento representaba o 9,5% do total investido, en tanto que en 1998 representaba un 15,9% e no ano 1999, o 30,9%.

Tendo en conta a problemática expresada polas mariscadoras no “I Encontro de Mariscadoras” de novembro de 1995 e, sobre todo, o problema de desinformación detectado, a Consellería puxo en marcha un programa de formación aproveitando os fondos da Comunidade Europea encadrados no programa NOW (Novas Oportunidades para Mulleres, nas siglas inglesas).

Comezouse formando a un equipo de 20 monitores, dándolle a formación específica para poder impartir uns cursos a medida das necesidades demandadas polas mariscadoras. En xuño de 1996 comezaron as actividades formativas do proxecto NOW, encamiñadas a favorecer a profesionalización das mariscadoras a pé, cunha especial atención ós aspectos organizativos.

Tal e como reflicte o **cadro 5.10.**, xunto

cadro 5.9.

Investimentos Plan Galicia 1996-99

Tipo de investimento	Importe	% Fondos IFOP	Fondos propios
	(en pesetas)		
	1996		
Acondicionamento e rexeneracións	94.908.689	66.436.082	28.472.607
Asistencias técnicas e formación de mariscadores	38.375.000	28.781.250	9.593.750
Coidado, control, seguimento e vixilancia	52.912.677	0	52.912.677
Material e equipamentos para cultivo	6.874.683	0	6.874.683
Total	193.071.049	95.217.332	97.853.717
	1.997		
Acondicionamento e rexeneracións	20.139.323	14.097.526	6.041.797
Asistencias técnicas e formación de mariscadores	38.587.450	28.886.615	9.700.835
Coidado, control, seguimento e vixilancia	99.575.178	0	99.575.178
Material e equipamentos para cultivo	174.285.767	142.100	174.143.667
Semente	75.561.651	52.893.156	22.668.495
Total	408.149.369	96.019.397	312.129.972
	1.998		
Acondicionamento e rexeneracións	35.109.250	24.576.475	10.532.775
Asistencias técnicas e formación de mariscadores	63.409.757	47.557.318	15.852.439
Coidado, control, seguimento e vixilancia	91.074.126	0	91.074.126
Material e equipamentos para cultivo	173.235.000	129.600.000	43.635.000
Semente	35.791.107	24.313.034	11.478.073
Total	398.619.240	226.046.827	172.572.413
	1.999		
Acondicionamento e rexeneracións	16.135.862	11.295.103	4.840.759
Asistencias técnicas e formación de mariscadores	112.794.398	79.717.682	33.076.716
Coidado, control, seguimento e vixilancia	108.533.310	0	108.533.310
Material e equipamentos para cultivo	99.109.772	74.332.329	24.777.443
Semente	28.271.023	0	28.271.023
Total	364.844.365	165.345.115	199.499.250
Total 1996-99	1.364.684.023	582.628.671	782.055.352

Fonte: Informe Plan Galicia

cadro 5.10.

Programa formativo de mariscadores

	nº de cursos	nº alumnas
Básico de formación de mariscadoras	124	1.747
Xornadas de intercooperación entre		
Agrupacións de Mariscadoras	16	501
Formación de directivas	12	640
Total	152	2.888
Formación de formadores	2	20+13

Fonte: Informe Plan Galicia

cadro 5.11.

Cursos dirixidos a formación de mariscadores 2000

	Cursos realizados	Alumnos	Cursos en realización	Cursos solicitados
Para a obtención de certificados de formación en marisqueo e certificados de percebeiro	41	811	-	-
Cursos de formación para directivos de agrupacións de mariscadores	34	362	-	-
Cursos de formación básicos para mariscadores	5	-	4	8
Cursos específicos de formación (habilidades sociais básicas)	-	-	-	2

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

ós 2 cursos de formación de formadores (ó primeiro deles asistiron un total de 20 persoas e ó segundo, 13) realizáronse un total de 152 cursos con presenza de 2.888 asistentes. Deses 152 cursos, 124 foron cursos básicos de formación de mariscadoras ós que asistiron un total de 1.747 alumnas. Estes son cursos de 30 horas de duración con catro módulos: produción, organización, comercialización e lexislación

As xornadas de intercooperación entre Agrupacións de Mariscadores (12 cursos e 501 alumnas correspondentes a 47 agrupacións) consistían nunha xornada de traballo na que participaban tres ou catro confrarías como máximo e na que tomaba parte toda a directiva de cada agrupación. Co obxectivo principal de que se coñeceran entre elas, intercambiaban experiencias para ir establecendo relacións que lles permitan no futuro abordar obxectivos de xeito común, como por exemplo plans conxuntos de explotación.

Estas xornadas estiveron divididas en catro grandes bloques. O primeiro deles consistía nunha exposición por parte das distintas agrupacións da evolución e situación actual na que se atopa a súa organización (Plan de explotación, organización e comercialización). O segundo apartado foi a exposición dunha análise de problemas e necesidades para pasar posteriormente a propoñer unha serie de vías de solucións ós problemas e necesidades. O último bloque consistiu na presentación das conclusións finais.

Respecto ós cursos de formación para directivas (12 cursos e 640 asistentes), o seu obxectivo era que houbera un grupo de mulleres capaces de dirixi-lo colectivo. Ademais de afondar un pouco máis nos temas de lexislación, produción e comercialización, introducíanse os de contabilidade e fiscalidade: IVE,

IRPF, S.S.

No ano 2000, dirixíronse á formación de mariscadores/as cursos para a obtención dos certificados de formación en marisqueo e certificados de percebeiro, cursos de formación para directivas de agrupacións de mariscadores/as, cursos de formación básicos para mariscadores/as e, finalmente, cursos específicos de formación (habilidades sociais básicas).

Tal e como reflicte o **cadro 5.11.**, no ano 2000 realizáronse un total de 41 cursos para a obtención dos certificados de formación en marisqueo e certificados de percebeiro, ós que asistiron un total de 811 alumnos, e un total de 34 cursos de formación para directivas de agrupacións de mariscadores/as ós que asistiron 362 alumnas (non se inclúen neste número aqueles que excederon o número de faltas previamente establecido).

No caso dos cursos de formación básicos para mariscadoras, xunto ós 5 cursos realizados, había un total de 4 cursos en realización e outros 8 cursos solicitados no ano 2000. Finalmente, hai 2 cursos específicos de formación para mariscadoras solicitados.

Cumprindo co establecido na Lei de

■ seguridade social

Bases e na primeira Lei de Seguridade Social promulgouse a Lei 116/1969, do 30 novembro, pola que se aprobaba a regulamentación do Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar. O Regulamento Xeral de desenvolvemento e aplicación da Lei foi aprobado polo Decreto 1867/1970, do 9 xullo.

Este Réxime Especial xustificábase,

segundo explica expresamente a propia Exposición de Motivos da súa Lei reguladora, “*polas circunstancias especiais que concorren no traballo marítimo e pesqueiro, que se realiza nas condicións máis duras e en constantes situacións de perigo, onde por razón da actividade, tanto o mariño mercante como o propio pescador, vense obrigados a permanecer fora do seu fogar e aínda da súa patria durante largas temporadas e, por outra banda, a dispersión da poboación pesqueira en pequenos núcleos situados ó longo do litoral español, así como a **existencia de explotacións carentes dunha organización empresarial axeitada e o carácter intermitente do mesmo, que en moitos sectores está vinculado a determinadas costeiras e a temporadas de abundancia e de escaseza de capturas***”.

Pero, por encima destas peculiaridades, os propósitos principais da nova normativa eran os tres seguintes:

1º) lograr un grao de protección social deste colectivo de traballadores similar o que gozaban os traballadores da industria e dos servicios cubertos polo Réxime Xeral.

2º) estimula-lo traballo marítimo-pesqueiro, garantindo a existencia dunha continuidade da vida laboral dos traballadores do mar.

3º) conseguir crear unha estrutura racional no colectivo humano dedicado á actividade marítimo-pesqueira.

No que respecta ó campo de aplicación do Réxime especial do mar, os traballadores comprometidos serán aqueles que se dediquen a unha serie de actividades especificadas no artigo 2 do devandito Decreto, sen embargo no que toca o noso estudio sinalar que integraranse neste réxime os “*traballadores por conta propia ou autónomos que*

*realicen de forma habitual, persoal e directa algunha das actividades que a continuación se enumeran, **sempre que a mesma constituía o seu medio fundamental de vida e concorran as demais condicións que se determinan respecto a cada unha delas:***

(...)

Segunda: Os que se dediquen á extracción de produtos do mar.

(...)”

E finalmente ostentan tamén o carácter legal de traballadores por conta propia ou autónomos, tal como se expón no artigo 3, “*O cónxuxe e os parentes por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao inclusive*” sempre e cando “*traballen con eles nas súas explotacións dun xeito habitual, convivan co cabeza de familia e dependa economicamente del.*”

Por outra banda no apartado 2 do mesmo artigo sinalase que :

*“Entenderase que concorren os requisitos de **habitualidade e medio fundamental de vida** (...) cando o traballador por conta propia ou autónomo dedique, predominantemente, a súa actividade a traballos marítimo-pesqueiros e deles obteña os principais ingresos para atender-las súas propias necesidades e as dos familiares o seu cargo, aínda cando, con carácter ocasional, realice outros traballos non especificamente marítimo-pesqueiros”.*

Así, no que respecta á extracción dos produtos do mar en concreto, determínase no artigo 4 que:

*“Extracción de produtos do mar: Os traballadores que se dediquen por conta propia a extracción de produtos do mar, tales como **mariscadores**, recolleitadores de algas e análogos, demostraran mediante o docu-*

mento que acredite o desempeño efecto das respectivas actividades, e sempre que as ditas actividades constitúan o seu medio fundamental de vida”.

Polo tanto, a determinación de quen son os traballadores cubertos faise atendendo a dúas ideas fundamentais:

1ª.- A da profesionalidade, é dicir, a idea de que o medio fundamental de vida das persoas cubertas é o desempeño dun traballo relacionado dereitamente co mar.

2ª.- A de que os profesionais do mar poden encadrarse a súa vez en dous grandes grupos, que son os traballadores do mar por conta allea, e o dos traballadores do mar por conta propia ou autónomos, de aí que se trate dun réxime especial mixto.

O feito de que este informe do CES se refira en exclusiva ó marisqueo a pé fai que se obvie a análise dos traballadores do mar por conta allea e que o estudo se centre nos traballadores por conta propia ou autónomos.

• **A cotización do REM**

A cotización ó Réxime Especial do Mar (REM), o igual que ocorre no Réxime Xeral, é obrigatoria para os traballadores por conta allea comprendidos no seu campo de aplicación e para os empresarios para os que traballen, así como para os traballadores por conta propia ou autónomos incluídos en dito campo.

O responsable do cumprimento desta obriga é respecto dos traballadores por conta propia, os propios traballadores autónomos incluídos no campo de aplicación deste Réxime Especial, pagando o seu cargo as dúas achegas que integran a cota.

Polo demais, e en canto a súa dinámica,

esta obriga nace coa iniciación da prestación de servizos ou de realización de actividades comprendidas no campo de aplicación deste Réxime Especial, perpetuase durante o período no que o traballador estea de alta ou preste os seus servizos aínda que estes teñan carácter descontinuo e extínquese coa comunicación da baixa do traballador ás correspondentes Direccións provinciais ou locais do Instituto Social da Mariña.

O Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar establece tres grupos distintos de traballadores a efectos da cotización (art. 54 do R.D. 2064/95):

- **O primeiro grupo**, coa obriga de satisfacerlo tipo xeral da cotización, e dicir, o mesmo que se aplica ó Réxime Xeral, está constituído, por unha banda, por traballadores por conta allea retribuídos a salario calquera que sexa a actividade que realicen e, por outra banda, polos traballadores por conta allea retribuídos á parte que coticen en iguais períodos e contías.

- **O segundo grupo**, para o que se establecerá un coeficiente corrector da base de cotización, está constituído polos traballadores retribuídos á parte que presten servizos en embarcacións pesqueiras de máis de 10 toneladas de rexistro bruto e ata 150 toneladas inclusive.

- **O terceiro grupo**, ó que se aplican, o igual que ocorre co segundo, coeficientes correctores, se ben máis elevados, está constituído polos traballadores por conta propia e autónomos, mariscadores/as a pé e, en todo caso, polos traballadores á parte que presten servizos en embarcacións de ata 10 toneladas de rexistro bruto.

Sobre a base desta triple cualificación, o réxime dos traballadores do mar distingue, a

efectos da determinación da base de cotización e do tipo aplicable a esta, tres modalidades de cotización distinta, en función das continxencias cubertas polo réxime:

1ª) A relativa a continxencias comúns: No que respecta ós traballadores do citado grupo primeiro, o tipo de cotización así como a súa distribución serán os mesmos que están establecidos no Réxime Xeral, debendo tomarse, ademais, como base de cotización as remuneracións percibidas segundo as normas establecidas no Réxime Xeral.

Pero esta regulamentación varía para os traballadores clasificados nestes grupos segundo e terceiro: teranse en conta as características que concorren nas actividades comprendidas nos ditos grupos e a capacidade económica das mesmas, tal como prevé o artigo 19.6 do Decreto 2864/74, do 30 de agosto, e se aplicarán os coeficientes correctores aprobados pola Orde de 22 de novembro de 1974, que establece para o grupo segundo o coeficiente de un medio para as embarcacións pesqueiras comprendidas entre 10,01 e 50 toneladas de rexistro bruto, de dous tercios para as embarcacións pesqueiras comprendidas entre 50,01 e 150 toneladas de rexistro bruto, e de un tercio para o grupo terceiro, tanto para os traballadores de embarcacións pesqueiras de ata 10 toneladas de rexistro bruto, como para os traballadores autónomos (mariscadores a pé).

2ª) A relativa a riscos profesionais: A cotización por riscos profesionais realízase con arreglo a criterios distintos dos establecidos para a cotización por continxencias comúns: a) a cotización efectúase de conformidade coas tarifas de primas aprobadas ó efecto e que poderán ser diferentes para as distintas actividades, modalidades e tarefas; b) o pago das ditas primas corre a cargo exclusivamente da empresa; c) a cotización

efectúase sobre as remuneracións efectivamente percibidas segundo os criterios establecidos no Réxime Xeral.

A cotización para tódalas continxencias e situacións protexidas neste Réxime Especial dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro á que se refire o artigo 19.5 do texto refundido aprobado polo Decreto 2862/1974, de 30 de agosto, efectuarase sobre as remuneracións que se determinen anualmente mediante Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

3ª) A relativa a desemprego: Os traballadores por conta allea do Réxime Especial do Mar, dos tres grupos indicados, cotizarán por desemprego, con aplicación dos coeficientes correctores nos grupos II e III, (artigo 87. Nove.1 Lei 13/2000), non estando obrigados os mariscadores a pé por ser traballadores por conta propia ou autónomos que carecen de específica protección por desemprego.

Na práctica, a Lei de Presupostos Xerais do Estado de cada ano prevé que a cotización dos traballadores do grupo segundo e terceiro do Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar efectuarase sobre as remuneracións que se determinen mediante unha Orde do Ministerio de Traballo de Asuntos Sociais a proposta do Instituto Social da Mariña (ISM) e oídas as organizacións representativas do sector. Obsérvase cómo son as mesmas organizacións, e polo tanto os propios interesados, os que, dentro do marco legal, poden decidi-la contía da súa base de cotización.

Esta determinación de bases de cotización efectúase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibidos no ano precedente; a esta finalidade responde polo tanto a Orde do 8 de marzo

cadro 5.12.

Comparación de bases mínimas de cotización por réximes

en ptas./mes

Réxime	Base de cotización	Cota
Autónomos	118.470	33.527
R.E.A. CP	93.570	21.007
Mar grupo III	123.000	16.339

do 2001 pola que se establecen para ese ano as bases de cotización á Seguridade Social dos traballadores do Réxime especial do mar, incluídos nos grupos segundo e terceiro.

Nesta Orde establecéronse as bases de cotización para os diferentes grupos e grupos de cotización e para as diferentes provincias.

No que respecta ás provincias costeiras galegas, a cotización realízase dentro do tramo comprendido entre os grupos 8 a 11, no que se inclúen as/os mariscadoras/es, determináanse ás seguintes bases de cotización en pesetas:

A Coruña.-	123.000 ptas / mes
Lugo.-	123.000 ptas / mes
Vigo.-	123.000 ptas / mes
Vilagarcía.-	123.000 ptas / mes

A análise comparada das bases e cotas pertencentes ó grupo III do mar, establecidas na Orde de 29 de xaneiro de 2001, coas do Réxime Agrario conta propia e coas do Réxime Especial de autónomos sería o seguinte:

A base mínima estipulada para o sector agrario conta propia é de 93.570 ptas á que se lle aplican os seguintes tipos:

- 1% por incapacidade permanente (IP), morte e supervivencia debida a accidente de traballo e enfermidade profesional (AT e EP) (936 ptas/mes)
- 18,75 % por continxencias comúns

(17.544 ptas/mes)

- 2,2% por incapacidade temporal (mellora voluntaria) por enfermidade común e accidente non laboral

(2.059 ptas/mes)

- 0,5% por IT por accidente de traballo e enfermidade laboral

(468 ptas/mes)

En total, a **cota fixa** a pagar polo total das continxencias protexidas ascendería a **21.007 ptas/mes**.

A **base mínima** estipulada para o Réxime especial de **autónomos** é de 118.470 ptas, á que se lle aplican os seguintes tipos:

- Tipo de cotización a aplicar á base con IT: 28,3 %.

A cota sería de 33.527 ptas/mes

- Tipo de cotización a aplicar á base sen IT: 26,5 %.

A cota sería de 31.394 ptas/mes

Tendo en conta que a cota fixa para os traballadores do mar, grupo III, é de 16.339 ptas/mes para continxencias e bases similares, o **cadro 5.12.** amosa unha comparación entre as diferentes bases mínimas e cotas fixas dos tres grupos analizados.

Obsérvase cómo para bases de cotización similares, a cota fixa que pagan os traba-

lladores do grupo III do mar é o 48'7 % da pagada polos traballadores do réxime especial de autónomos, e o 77'7 % da pagada polos traballadores do réxime especial agrario por conta propia.

A menor cota pagada polo grupo III do mar é a consecuencia da aplicación dun coeficiente corrector sobre a base de cotización dun tercio.

Por outra banda, a posibilidade legal de negociación das bases de cotización dos autónomos do mar, fai posible a redución das mesmas ata 84.150 ptas / mes (base mínima do grupo 7 do Réxime Xeral), podéndose reduci-la cota na mesma proporción.

Mar grupo III (base actual)

Base de cotización	123.000 ptas/mes
Cota	16.339 ptas/mes

Mar grupo III (base mínima)

Base de cotización	84.150 ptas/mes
Cota	11.178 ptas/mes (aprox.)

Debería, polo tanto, estudiarse o establecemento dun grupo de cotización específico para mariscadores/as, que considerase unha base mínima de 84.150 ptas/mes, o que reduciría a cota a pagar aproximadamente un 21% respecto á actualmente pagada e non tería unha incidencia excesiva nas prestacións de xubilación a percibir, xa que, na maioría dos casos, as ditas pensións terían dereito ó complemento de mínimos.

Dado que a redución da cota de cotización por aplicación dos coeficientes correctores non afecta á base reguladora das prestacións económicas de xubilación, morte e supervivencia e invalidez permanente dos traballadores incluídos nos grupos II e III (artigo 2.1 da Orde Ministerial do 22 de novembro de 1974), nin á de desemprego

(artigo 87.nove.1 segundo parágrafo da Lei 13/2000), sería preferible que legalmente se previra unha redución da cota sen modificala base, xa que existiría o dereito á mellor prestación, o que dignificaría aínda máis a actividade, evitando acudir ó sistema de complemento de mínimos.

No grupo I do Réxime do mar por conta allea retribuídos a salario, os tipos a aplicar ó traballador serían do 4,7 % sobre a base total, non sobre o tercio da base como en autónomos do mar; de onde se derivaría unha cota a pagar polo mariscador/a de aproximadamente 3.955 ptas/mes, sobre unha base de 84.150 ptas/mes.

Pola mesma base, a empresa debería pagar o 23,6 %, isto é, 19.859 ptas/mes.

O importe total da cotización do traballador sería de 23.905 pts/mes.

Se a cota derivada da base de cotización mínima por conta propia antes sinalada segue a ser considerada polo sector como excesiva para a consecución dunha protección social xusta, as **alternativas** legalmente posibles serían:

1.- Instar ó establecemento e á regulamentación dun sistema especial para os/as mariscadores/as a pé, dentro do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, no que se consideren as especiais condicións deste colectivo en materia de encadramento, afiliación e formas de cotización.

Neste senso, pódese amplia-lo sistema de coeficientes reductores do Réxime Especial do Mar para esta actividade, hoxe regulamentados polo Decreto 2309/70, do 23 de xullo, na redacción dada polo Real Decreto 863/1990, de 6 de xullo, dada a súa penosida-

de, recoñecendo unhas porcentaxes axeitadas, e, por outra banda, que se confeccione unha lista de enfermidades profesionais características desta actividade, como complemento das establecidas polo Real Decreto 1995/1978, ou dándolle unha consideración específica como para o sector agrario se fai no Decreto 3772/1972.

2.- Fomenta-lo pase ó Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar á modalidade por conta allea, na que parte da cotización sería asumida pola empresa, a través de modelos tales como cooperativas. Debería considerarse, en todo caso, se as posibles vantaxes do modelo cooperativo compensarían as obrigas e custos que para o mariscador a pé comportaría a constitución dunha cooperativa.

Neste senso, a Lei de Cooperativas de Galicia, no seu artigo 107, reconece ás cooperativas de traballo asociado a capacidade para ter socios/as a tempo parcial: *“Os Estatutos regularán ou poderán remitir ó regulamento de Réxime Interno a organización básica do traballo...”*

Por proposta do Consello Rector, a Asemblea Xeral, aprobará anualmente o calendario sociolaboral, que conterá como mínimo a duración da xornada e o descanso semanal, as festas e as vacacións anuais e as pausas... Será aplicable como dereito de contido mínimo necesario a normativa laboral para os traballadores por conta allea”.

Polo tanto, os/as socios/as traballadores/as dunha cooperativa de traballo asociado están asimilados/as ós/as traballadores/as por conta allea en materia de duración da xornada laboral.

A Lei de Cooperativas de Galicia sinala

que os traballadores/as están obrigados a afiliarse á Seguridade Social, optando nos Estatutos da cooperativa polo réxime correspondente e que gozarán de tódolos beneficios da Seguridade Social nos mesmos termos, extensión e condicións existentes para os/as demais traballadores/as de acordo coa normativa xeral nesta materia, segundo o réxime elixido (art.106).

Polo tanto, a Lei faculta á sociedade para que por vía estatutaria determine o réxime ó que deben afiliarse os socios/as traballadores/as da mesma, ben ó réxime xeral ou ben ó de autónomos.

A este respecto, o RD 1278/2000, de 30 de xuño, polo que se adaptan determinadas disposicións da Seguridade Social para a súa aplicación ás sociedades cooperativas, introduce como principal novidade a aplicación das disposicións da Seguridade Social previstas para a cotización na contratación a tempo parcial respecto dos socios traballadores/as que leven a cabo a súa actividade a tempo parcial, polo que tanto a cotización como a protección social a outorgar a tales socios/as, realizarase nos termos previstos para os traballadores/as con contrato a tempo parcial.

A base de cotización dos socios/as traballadores/as a tempo parcial asimilados/as a traballadores/as por conta allea estará en función da remuneración que perciban polas horas de actividade cooperativizada.

Os socios/as traballadores/as a tempo parcial nas cooperativas de traballo asociado están asimilados en materia de Seguridade Social ós traballadores a tempo parcial cando nos seus estatutos tivesen optado polo réxime xeral da Seguridade Social.

• **Normativa da Xunta de Galicia**

A normativa da Xunta de Galicia que afecta á Seguridade Social do marisqueo a pé é a seguinte:

1.- Con respecto á cobertura de xubilación: Disposición Transitoria nº 5 do Decreto nº 425/1993: *“Os titulares dos carnés de mariscador que, cumpridos os 65 anos, non puideran xubilarse por non alcanzar o período de cotización mínimo requirido, poderán obter excepcionalmente e previa xustificación, as revalidacións do permiso de explotación necesarias para poder alcanzar dita carencia”*.

2.- Con respecto ós requisitos de alta: Disposición Adicional Decreto nº 425/1993: *“Os titulares dos permisos de explotación regulados no presente Decreto deberán darse de alta no Réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar (...)”*, e no artigo 7 da Orde do 31 de maio de 1995: á solicitude de revalidación do permiso de explotación engadiráselle o certificado do Instituto Social da Mariña que comprenda o tempo que o solicitante estivo dado de alta como autónomo no último ano. ■

